

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DUN LAPBOOK EN PRIMARIA

CATEGORÍA	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
PORTADA (1 punto)	A portada é colorida, ten título, debuxos ou imáxes relacionadas co tema. Pode ter dúas lapelas que coinciden (lapela que cando a abrimos nos amosa o interior do <i>lapbook</i>), forma de pirámide ou de tríptico. 1 punto.	A portada é colorida, ten título, pero os debuxos ou imaxes non están relacionados co tema. 0,5 puntos.	A portada non é colorida, nin ten título, nin imaxes nin debuxos relacionados co tema. 0,3 puntos.	Carece de portada.
Organización interior (1 punto)	Contén variedade de formas pegadas e funcionando correctamente, así como algún parágrafo ou palabra escrita na cartulina con diferentes cores. 1 punto.	Contén sempre as mesmas formas pegadas e funcionan correctamente, así como algún parágrafo ou palabra escrita na cartulina con diferentes cores. 0,5 punto.	Contén moi poucas formas e non teñen nada escrito na cartulina. 0,2 puntos.	O interior está practicamente baleiro.
Contido do tema /unidade /traballo /proxecto (4 puntos)	Identifica todas as partes do tema e están todos os conceptos explicados de forma clara, con exemplos, debuxos, táboas ou imaxes e incluso texto se fose necesario. 4 puntos.	Identifica algunhas partes do tema, pero non están todos os conceptos explicados. 2 puntos. .	Identifica 1 ou 2 partes do tema. 0,5 puntos.	Non identifica ningunha parte do tema.



Relación dos conceptos (2 puntos)	Os contidos teñen un orde lóxico nas partes divididas do <i>lapbook</i> , sen deixar espazos grandes baleiros de contidos. 2 puntos.	Os contidos non teñen un orde lóxico e déixanse algúns espazos baleiros. 1 punto.	Os contidos non teñen un orde lóxico e déixanse moitos espazos baleiros. 0 puntos.	Carece de contenidos.
Ortografía (1,5 puntos)	Non ten erros ortográficos e a letra é lexible. 1,5 puntos.	Ten de 1 a 3 erros ortográficos e a letra non é demasiado lexible. 1 punto.	Ten máis de 3 erros ortográficos e a letra lese con moita dificultade. 0 puntos.	Illexible.

